

GAITEIROS TERRA MEIGA

A Sociedade Cultural do Viso presenta aos GAITEIROS TERRA MEIGA, grupo de xente afeccionada á cultura tradicional galega e que desenvolve os seus actos e mostras de folclore tradicional por toda a provincia.

A Sociedade Cultural do Viso está conformada por mozos e mozas, nenos e nenas, mulleres e homes que aman a tradición: o noso canto, o noso baile e a nosa música. Durante todo o ano estudamos de xeito autodidacta a esencia da nosa terra, aprendemos pezas musicais e bailes e ó final, cando todo está ben macerado, ofrecemos toda a tradición do noso pobo a través das nosas interpretacións. Cada cantiga, cada peza interpretada é traballo de moitos anos, máis aínda, de séculos.

Os nosos devanceiros cantaron, bailaron e tocaron nas reunións cos seus veciños, nas festas do pobo e diante da lareira nas noites de frío inverno. Toda esa bagaxe permanece na nosa alma, no noso corazón, e nós desexamos arrincala do máis adentro para amosarlla á xente do pobo. Representamos a esa xente que nos quere, que nos apoia e ama a esencia da nosa terra. Esa xente que baila unha muiñeira na festa do pobo, que non se avergonza de cantar as cantigas que escoitaba da súa avoa cando adormecía no berce, que escoita con agarimo o son da pandeireta, tamboril e gaita na noite escura dos seráns.

Así, a escola de música da asociación amosa o seu traballo de todo o ano a través deste proxecto onde a mocidade únese aos máis experimentados para ofrecer unha posta en escena fresca e divertida da nosa música tradicional.

Nome do/a artista ou Grupo: Gaiteiros Terra Meiga

Tipo de arte: Música tradicional

Integrantes: Alumnas e alumnos dos obradoiros de gaita e percusión da Sociedade Cultural do Viso, impartidos por Manuel Cruces.

Links a vídeos ou imaxes propias: <http://terrameiga.net/>

Correo electrónico: acsmviso@gmail.com

Telf. de contacto: 656.938.058 (Xosé Covelo)

Facebook: <https://www.facebook.com/Sociedade-Cultural-do-Viso-419545431465143/>